



ASOCIACIÓN DEPORTIVA DE SENDEIRISMO “PASADA DAS CABRAS” - BURELA 2004-2019: ESPECIAL QUINCE ANOS DE SENDEIRISMO

A pesares de non ser moi habitual lembrar, e menos conmemorar un acontecemento quince anos dispois do seu xurdimento (as datas de conmemoracións sociais, civís, ... importantes coinciden cos respectivos 25, 50, 75 ou 100 anos de existencia), non quero deixar pasar este intre de efemérides desta asociación “Pasada das Cabras”, coincidindo cos seus primeiros quince anos de vida, para achegar, como socio da institución, algunhas reflexións á modo de agradecemento e sobre todo recoñecemento ós responsables directos (directivos) por esta xa longa traxectoria e percorrido compartido.

Como testemuña directa da súa xestación no outono do 2004, e da súa posterior evolución, participando nalgunhas das 214 rutas ofertadas (menos das que houbera desexado), o grupo Pasada das Cabras ven a ser como unha familia, un referente ao que buscas cando andas na procura de algo que che falta, dun apoio ou dun consello que precisas, ou mesmo cando levas un tempo sen relacionarte, e non queres perder o contacto con ela, por esa interacción e dinamismo que proporcionan ós socios e seguidores, máis ala do puntual itinerario compartido, máis ou menos versátil e/ou atractivo, ou do posterior xantar no lugar de referencia máis ou menos gustoso. Porque nesta Asociación existe un pacto implícito coa relación cordial, co trato amigable, e co respecto, os mesmos valores que temos cos máis achegados dende a xuventude, ou ata con aqueles máis admirados e inmortais recollidos polo treito que fumos ocupando neste tránsito existencial. A vida (e obra) de Pasada das Cabras é a crónica dunha autografía coñecida, unha clase maestra de cultura, de relacións sociais e persoais, un tratado de boas prácticas recollidas nun documental de quince episodios de pura pedagogía e sabedoría.

15 anos de anécdotas, confesións, reflexións críticas, lembranzas, roteiros, xantares e sobre todo diversión. Son 214 argumentos e razóns (recollidos nas seguintes páxinas), que a converten (á Asociación) no referente actual da sociedade burelesa, nunha das vertebradoras culturais da contorna, e na maior dinamizadora social no sector pedestre-montañeiro da Mariña, pois ningunha mobiliza tanta participación en cada actividade, nin recluta tantas dosis positivas de satisfacción en cada participación, porque ningures é quén de aglutinar tanta eficacia organizativa conxunta nos distintos niveís de motivación e diversidade.

En definitiva, quince anos dunha vida chea de experiencias felizmente compartidas, de emocións, ilusións e sentimentos, pouco tempo para unha media de esperanza de vida actual, pero moito tempo (tempos) pola bagaxe acumulada e o amplo currículo que portamos e aceptamos tal como somos, diría Rubén Blades

Sirvan pois as seguintes páxinas de retrospectiva e recopilación estadística dos feitos, como recoñecemento ós verdadeiros artifices deste legado (os seus directivos, practicamente invariables dende a súa constitución), por todo o exposto anteriormente, e para poñer en valor tan maravillosa herdanza, para o coñecemento das vindeiras xeracións de “cabras incansables” legado que xa forma parte da núa memoria máis selecta.

É de obrigada xustiza ...!!

Que nos vindeiros quince anos todos e todas poidamos volver á disfrutar, sentir e compartir!!

ALFONSO IGLESIAS



ASOCIACIÓN DEPORTIVA DE SENDEIRISMO “PASADA DAS CABRAS” - BURELA 2004-2019: 15 ANOS DINAMIZANDO ROTEIROS POLA XEOGRAFÍA IBÉRICA LISTAXE COMPLETA E DETALLADA DAS 214 RUTAS REALIZADAS

2004

O Concello da Fonsagrada, un dos pioneiros en homologar roteiros de sendeirismo na provincia, foi o escollido polo grupo para o comezo da longa andaina que viña de iniciar, logo da recente creación o mes anterior. Varias xuntanzas previas de potenciais sendeiristas da vila e arredores no “Mesón do Poeta”, con antecedentes pedestres, forxadores de ilusións e realidades, e sobre todo identificados coa cultura montañeira, fixeran posible a súa posta de largo

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
1	1	OUT	Camiño Primitivo, Bustelo del Camín - Fonsagrada	FONSAGRADA	LUGO
2	2	NOV	Ruta da Auga (Mondoñedo)	A MARIÑA	LUGO
3	3	DEC	Ruta de San Estéban do Ermo (Barreiros)	A MARIÑA	LUGO

2005

Este foi o primeiro ano cunha programación previa anual, tamén o primeiro ano que se realizaron rutas ó longo dos doce meses. Foi asemade a núa primeira ruta polo veciño Principado, e pola Comunidade de Castela-León, aos que voltaríamos con bastante frecuencia nos anos vindeiros. Nesta primeira etapa do grupo, a proximidade dos roteiros escollidos era unha constante habitual na selección dos mesmos por parte dos pioneiros guías do grupo.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
4	4	XAN	Ruta Os Teixoes (Taramundi)	OSCOS-EO	ASTURIAS
5	5	FEB	Río Sor (I) : Morgallón – Río Sor	PR-G8	A MARIÑA
6	6	MAR	Senda do Oso	PROAZA	ASTURIAS
7	7	ABR	Ruta polos Montes de Brión	PR-G6	BRION
8	8	MAI	Valle do Silencio (Montes de Valdeza)	O BIERZO	LEÓN
9	9	XUÑ	XVIII Travesía Costa Naviega	Costa Naviega	NAVIA
10	10	XUL	Travesía Bres - Taramundi	OSCOS-EO	ASTURIAS
11	11	AGO	Roteiro Poza da Ferida - Souto da Retorta	A MARIÑA	LUGO
12	12	SET	Ruta do Cares	PICOS EUROPA	ASTURIAS
13	13	OUT	Fragas do Eume (Senda da Ventureira)	EUME	A CORUÑA
14	14	NOV	Ruta dos Muiños de Neda	FERROLTERRA	A CORUÑA
15	15	DEC	Ruta circular pola Fonsagrada	FONSAGRADA	LUGO

2006

Neste ano sentáronse as bases da que no futuro sería a xornada de exaltación e homenaxe ó socio co xantar de celebración na área recreativa do Monte Castelo. A choiva desa xornada “maiola”, impedíunos rematar o roteiro circular programado, pero non a celebración conxunta na devandita área. A expansión intracomunitaria do grupo comezaba á ser unha realidade, pois dúas das terceiras partes das rutas programadas, foron polas comunidades veciñas. Repetimos participación na Costa Naviega, e aparece o primeiro número da revista anual da Asociación.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
16	16	XAN	Senda verde do Eo (A Pontenova – ST. Abres)	A MARIÑA	LUGO
17	17	FEB	Ruta da Seimeira	PR-AS116	OSCOS-EO
18	18	DEC	Desfiladero das Xanas	PROAZA	ASTURIAS
19	19	XAN	Desfiladeiro do Alba	PR-AS62	REDES
20	20	FEB	Camiño de Valdebaró	PR-S-7	PICOS EUROPA
21	21	MAR	Roteiro da Devesa da Rogueira	PR-G222	O CAUREL
22		ABR	XIX Travesía Costa Naviega (2)	Costa Naviega	OCCIDENTE
23	22	MAI	Subida Monte Castelo dende Praza da Mariña	A MARIÑA	LUGO
24	23	XUÑ	Ruta polas Médulas	O BIERZO	LEÓN
25	24	XUL	Brañas Vaqueiras	PR-A1	OCCIDENTE
26	25	AGO	Ruta do Cares	PICOS EUROPA	ASTURIAS
27	26	SET	Fraga de Moal	FONTES NARCEA	ASTURIAS
28	27	OUT	Ruta do Lor (I) Seoane - Folgoso	O CAUREL	LUGO
29	28	NOV	Sta. Mariña - Camariñas	PR-G38	COSTA MORTE
30	29	DEC	Fontes de Calvin - A Fonsagrada	A FONSAGRADA	LUGO
31	30	DEC	Fervenzas Oneta	OCCIDENTE	ASTURIAS

2007

O presente ano será lembrado no grupo por ser o primeiro dun acontecemento que se foi convertindo nun referente anual na historia da Asociación: O Día do socio, que celebramos por vez primeira coa tradicional subida dende a Praza da Mariña ata o Monte Castelo, e o posterior xantar. Acompañoumos unha boa representación do grupo "Os Sendeiros" de Foz, ós que se foron engadindo en futuras edicións outros grupos da contorna e do Principado.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
32	31	XAN	Ruta do Forcón dos Rios PR-AS119	OSCOS-EO	ASTURIAS
33	32	FEB	Via Verde da Camocha	XIXÓN	ASTURIAS
34	33	MAR	Cordal de Coaña	OCCIDENTE	ASTURIAS
35	34	ABR	Río Sor (I): Augas Caídas - Ribeiras do Bispo	A MARIÑA	LUGO
36	35	MAI	Pena Corneira	O RIBEIRO	OURENSE
37		XUÑ	XX Travesia Costa Naviega (3) Costa Naviega	OCCIDENTE	ASTURIAS
38		XUN	Subida Monte Castelo dende Praza da Mariña I Día do socio	A MARIÑA	LUGO
39	36	XUL	Subida á Bulnes (dende Puente Poncebos)	PICOS EUROPA	ASTURIAS
40	37	AGO	As Brañas de Caldas de Luna	CALDAS LUNA	LEON
41	38	SET	Ruta dos Pazos de Ulloa	A ULLOA	LUGO
42	49	OUT	Monte San Lois (Noia) PR-G12	A BARBANZA	A CORUÑA
43	40	NOV	Ruta do Azúmara	TERRA CHA	LUGO
44	41	DEC	Ruta pola Estaca de Vares	ORTEGAL	A CORUÑA
45		DEC	Fontes de Calvin - A Fonsagrada (2)	A FONSAGRADA	LUGO

2008

O ano 2008 supuxo o único relevo (ata o de agora) presidencial no grupo. Alfredo Llano cedeolle ó testigo á José Antonio Armesto, bastón de mando que aínda conserva na actualidade. Houbo, á petición dos socios unha preferencia por realizar roteiros polos entornos máis pretos, e así se puxo de manifesto no programa anual, onde agás as viaxes á Somiedo e a Fonsagrada, todas as rutas tiveron lugar na Mariña e no occidente astur.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
46	42	FEB	Ruta da subida ó Picato PR-G84	A MARIÑA	LUGO
47	43	MAR	Senda CosteiraVíaVélez-Tapia	OCCIDENTE	ASTURIAS
48		MAI	Senda do Oso (2)	SOMIEDO	ASTURIAS
49		XUÑ	Subida Monte Castelo dende praza Mariña (2) I Día do socio	A MARIÑA	LUGO
50	44	XUL	Ruta polo rio Xunco (Praia de Rueta - Cervó)	A MARIÑA	LUGO
51	45	AGO	Ruta da Cruz do Pao da Vella (Xove)	A MARIÑA	LUGO
52		SET	II Encontro Os Sendeiros (Ruta polo Ouro) Os Sendeiros	A MARIÑA	LUGO
53	46	OUT	Ruta do Masma (A Cazolga - Celeiro Mariñaos)	A MARIÑA	LUGO
54	47	NOV	Ruta da Fervenza do Cioyo	OSCOS-EO	ASTURIAS
55	48	DEC	Ruta da Pena do Inferno	A FONSAGRADA	LUGO

2009

O presente ano supuxo un punto de inflexión na traxectoria do grupo, pois foi o de menor actividade (10 roteiros), xunto co anterior, e cecais o de menor participación en cada unha delas (o presidente no limiar da revista anual, así o maifestaba), ata o punto de que se tivo que suspender a primeira saída programada con pernocta ós Picos de Europa. Tamén será lembrado o presente ano (2009), porque supuxo a creación doutro referente histórico: o roteiro nocturno dende Burela á San Cibrao, unha nova experiencia, que cos anos foi gañando máis participantes.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
56	49	XAN	Ruta polo Val de Lourenzá	A MARIÑA	LUGO
57	50	FEB	Mina das Telladas PR-AS203	OSCOS-EO	ASTURIAS
58	51	MAR	O rio dos dous nomes PR-G35	ARTABRO	A CORUÑA
59	52	MAI	Foces del rio Pendón PR-AS45	PONGA-REDES	ASTURIAS
60	53	XUÑ	Ruta da pedra e da auga PR-G99	TERRACHÁ	LUGO
61		XUÑ	Subida Monte Castelo dende Praza Mariña (3) II Día do socio	A MARIÑA	LUGO
62	54	XUL	I Ruta nocturna Burela-San Cibrao I Nocturna	A MARIÑA	LUGO
63		SET	III Encontro Os Sendeiros (Ruta do Ouro) (2) Os Sendeiros	A MARIÑA	LUGO
64	55	NOV	Fraga das Reigadas	A MARIÑA	LUGO
65	56	DEC	Seimeira de Vilagocende	A FONSAGRADA	LUGO

2010 : RUTA XACOBEA CAMIÑO FRANCÉS (O CEBREIRO – SANTIAGO)

Por mor da celebración do derradeiro –ata o presente- ano Xacobeo, (o vindeiro será no 2021), a directiva do grupo, e moi especialmente o recordado Graciano (DEP), responsable daquela da planificación do programa anual de roteiros, quixeron facerlle un guiño á modo de recoñecemento ó Ano Xubileo, que tivo unha adicación exclusiva coa realización do Camiño Francés, do Cebreiro ata Santiago coa prolongación ata Fisterra. Participación espectacular, nalgunhos tramos foi necesario recurrir á un segundo autobús, e que supuxo un aumento na masa social do grupo.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA	
66	57	XAN	Camiño Francés. E1 O Cebreiro-Triacastela	O CEBREIRO	LUGO	
67	58	FEB	Camiño Fancés. E2 Triacastela-Sarria	SARRIA	LUGO	
68	69	MAR	Camiño Francés. E3 Sarria-Portomarín	PORTOMARÍN	LUGO	
69	60	ABR	Camiño Francés. E4 Portomarín-Palas de Rei	A ULLOA	LUGO	
70	61	MAI	Camiño Francés. E5 Palas de Rei-Arzúa	A ULLOA	A CORUÑA	
71	62	XUÑ	Camiño Francés. E6 Arzúa-Arca Pedrouzo	SANTIAGO	A CORUÑA	
72		XUÑ	Subida Monte Castelo dende Praza Mariña (4)	III Día do socio	A MARIÑA	LUGO
73	63	XUL	Camiño Francés. E7 Arca Pedrouzo-Santiago	SANTIAGO	A CORUÑA	
74	64	AGO	Ruta do río da Regueira	A MARIÑA	LUGO	
75		AGO	II Ruta nocturna Burela-San Cibrao	II Nocturna	A MARIÑA	LUGO
76	65	SET	Camiño á Fisterra. E1 Santiago-Negreira	SANTIAGO	A CORUÑA	
77	66	OCT	Camiño á Fisterra. E2 Negreira-Lago	SANTIAGO	A CORUÑA	
78	67	NOV	Camiño á Fisterra. E3 Lago Cee	A MAIA	A CORUÑA	
79	68	DEC	Camiño á Fisterra. E4 Cee-Fisterra	COSTA MORTE	A CORUÑA	

2011

Conforme ós resultados dunha enquisa proposta pola directiva entre os seus asociados, estes decidiron alternar as datas dos roteiros (sábados e domingos), e tamén a forma de xantar (bocata ou de restaurante), polo que os tres encargados daquela deseñaron un programa equilibrado entre as prioridades manifestadas polos hipotéticos participantes, que tampouco tivo un recoñecemento masivo.... Nada que ver coa resposta dos anos sucesivos!!.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA	
80	69	XAN	Camiño Primitivo (I) Etapa A Cova-Silvela	A FONSAGRADA	LUGO	
81	70	FEB	Ruta do Ulla (Ponte Ulla-Vedra) PR-G36	ULLA	A CORUÑA	
82	71	MAR	Ruta de la Coba PR-G153	OSCOS-EO	ASTURIAS	
83		ABR	Desfiladero de las Xanas (2)	SOMIEDO	ASTURIAS	
84	72	MAI	Brañas de Saliencia - Camín Real de la Mesa	SOMIEDO	ASTURIAS	
85		XUÑ	XXIV Travesía Costa Naviega (4)	Costa Naviega	OCCIDENTE	ASTURIAS
86		XUÑ	Subida Monte Castelo dende Praza Mariña (5)	IV Día do socio	A MARIÑA	LUGO
87		AGO	III Ruta nocturna Burela-San Cibrao	III Nocturna	A MARIÑA	LUGO
88	73	SET	Travesía Sotres - Arenas de Cabrales	PICOS EUROPA	ASTURIAS	
89		SET	V Encontro Os Sendeiros (Ruta polo Ouro) (3)	Os Sendeiros	A MARIÑA	LUGO
90	74	NOV	Mosteiro de Carboeiro-Fervenza do Toxa	O DEZA	PONTEVEDRA	
91	75	DEC	Camiño Primitivo (II) Etapa Silvela Pena Nova	A FONSAGRADA	LUGO	

2012

Supuxo o ano do despegue e a consolidación do grupo, a pesares dalgunhos luaces ocasionais (suspensión do roteiro polo Arenteiro, e da participación dos primeiros encontros Galaico-astures). No día do socio a participación superou por vez primeira ós 200 asistentes, e no resto dos roteiros, en todos se superaron os 30 participantes.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA	
92	76	XAN	Senda Costeira dos Miradores Muros Nalón	OCCIDENTE	ASTURIAS	
93	77	FEB	Ruta pola Fraga Vella	A MARIÑA	LUGO	
94	78	MAR	Ruta da auga (Taramundi)	OSCOS-EO	ASTURIAS	
95	79	ABR	Ruta Boca do Monte (Montefurado)	VALDEORRAS	LUGO	
96		MAI	Desfiladeiro do Alba (2)	REDES-PONGA	ASTURIAS	
97	80		Pico Cuyargayos	REDES-PONGA	ASTURIAS	
98	81	XUÑ	I Encontro Lucus á pé (roteiro polo Miño)	Concello Lugo	LUGO	
99		XUÑ	Subida Monte Castelo dende Praza Mariña (6)	V Día do socio	A MARIÑA	LUGO
100		XUL	IV Ruta nocturna Burela-San Cibrao	IV Nocturna	A MARIÑA	LUGO
101	82	AGO	Ruta dos pozos e Mirador da Frouxeira	A MARIÑA	LUGO	
102		SET	V Encontro Os Sendeiros (Ruta polo Ouro) (4)	Os Sendeiros	A MARIÑA	LUGO
103	83	OUT	Ruta da Fraga das Reigadas (2)	A MARIÑA	LUGO	
104	84	NOV	Ruta da Marronda (I) A Braña-Cortevella PR-G55	Á FONSAGRADA	LUGO	
105	85	DEC	Camiño primitivo, Hospital-A Fonsagrada	A FONSAGRADA	LUGO	

2013

O grupo segue cun ritmo de crecemento e participación progresiva, a pesares da suspensión dalgunha actividade puntual (encontros galaicos, ruta navega, e concentración dos "Sendeiros" de Foz), por falta de asistencia mínima. Trocouse mesmo o lugar de celebración do día do socio (Praza da Mariña), e creouse os premios da "Cabra incansable" que recoñecía o/a socio/a con maior participación nos roteiros realizados ó longo do ano.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
106	86	XAN	Ruta dos Muiños (Abadín) PR-G152	TERRA CHA	LUGO
107		FEB	Ruta da subida ó Picato (Trabada) (2) PR-G84	A MARIÑA	LUGO
108	87	MAR	Sendeiro de Quintá e Río Donsal PR-G159	OS ANCARES	LUGO
109	88	ABR	Ruta do Val de Lourenzá	A MARIÑA	LUGO
110	89	MAI	Senda Costeira de Ortigueira	ORTEGAL	A CORUÑA
111		XUÑ	II Encontro Lucus á pé (Roteiro polo Miño) Concello Lugo	LUGO	LUGO
112		XUÑ	Subida Monte Castelo dende Praza Mariña (7) VI Día do socio	A MARIÑA	LUGO
113		XUL	V Ruta nocturna Burela-San Cibrao V Nocturna	A MARIÑA	LUGO
114		AGO	Ruta de San Estéban do Ermo (2)	A MARIÑA	LUGO
115	90	SET	Viñedos da Ribeira Sacra, Rosende-Os Chancis	RIBEIRA SACRA	LUGO
116	91	NOV	Senda Verde do río Agüeira	OSCOS-EO	ASTURIAS
117	92	DEC	Ruta Marronda (II) (San Paio-A Cortevella) GR-G55	A FONSAGRADA	LUGO

2014

Cumplimos 10 anos, e por tal motivo catro socios do grupo (Conchi, Juan Carlos, Paco e César) editaron un vídeo conmemorativo que se proxectou ós socios no auditorio da Casa da Cultura de Burela cunha gran asistencia de público. Retomouse a celebración do Día do socio no monte Castelo, e realizouse por vez primeira os encontros amigables da Cazolga, cos amigos do grupo de Terras de Lourenzá, e pola Fonsagrada coa A.A.P. de Castroverde.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
118	93	XAN	Ruta dos Muiños (Taramundi)	OSCOS-EO	ASTURIAS
119	94	FEB	Ruta do Mazo de Meredo	OSCOS-EO	ASTURIAS
120	95	MAR	Camiño Primitivo (Bustelo - Paradanova)	A FONSAGRADA	LUGO
121	96	ABR	Desfiladero de los Arrudos	REDES-PONGA	ASTURIAS
122	97	MAI	Camiño da Ribeira: Ponteceso - Corme	COSTA MORTE	A CORUÑA
123	98	XUÑ	Travesía Serra do Buio-Monte Castelo VII Día do socio	A MARIÑA	LUGO
124	99	XUL	Ruta Costa do Vicedo (San Román- O Vicedo)	A MARIÑA	LUGO
125		XUL	VI Ruta nocturna Burela-San Cibrao VI Nocturna	A MARIÑA	LUGO
126	100	AGO	Ruta A Cazolga - Pico A Cornería - A Cazolga I encontro TL	A MARIÑA	LUGO
127	101	SET	Ruta A Paralaia (Moaña)	O MORRAZO	PONTEVEDRA
128	102	OUT	Travesía Vilar de Mouros-Augasmestas	RIBEIRA SACRA	LUGO
129	103	NOV	Miradoiro da Terra Chá (Penas das Rodas)	TERRA CHA	LUGO
130	104	DEC	Fornaza - Pte. Villabol "Camiño da República " I encontro APC	A FONSAGRADA	LUGO

2015 :

Estreamos unha nova ruta pola Serra do Buio, conmemorando o cada ano máis consolidado Día do socio, e realizáronse un par de roteiros de sensibilidade medioambiental financiadas por Alcoa, un dos nósos colaboradores. Ademais mellorou a economía do grupo con distintas aportacións e coa pedrea que nos tocou na lotaría do Nadal.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
131	105	XAN	Travesía Santalla de Oscos - Vilanova Oscos	OSCOS-EO	ASTURIAS
132	106	FEB	Ruta do Vento (Trabada)	A MARIÑA	LUGO
133	107	MAR	Camiños de Santaballa	TERRA CHA	LUGO
134	108	ABR	Monte Facho - Cabo do Home - Costa da Vela	O MORRAZO	PONTEVEDRA
135	109	MAI	Ruta da Cubela (Ribas do Sil)	RIBEIRA SACRA	LUGO
136		XUÑ	Travesía Serra do Buio-Monte Castelo (2) VIII Día do socio	A MARIÑA	LUGO
137	110	XUL	Ruta dos Acantilados de Loiba	ORTEGAL	A CORUÑA
138		XUL	VII Ruta nocturna Burela-San Cibrao VII Nocturna	A MARIÑA	LUGO
139		XUL	Ruta do río Xunco (Rueta - Cervo) (2) ALCOA	A MARIÑA	LUGO
140		XUL	Ruta dos Muiños (A Regueira - Xove) (2) ALCOA	A MARIÑA	LUGO
141	111	AGO	Sendeiro circular da Cazolga II encontro TL	A MARIÑA	LUGO
142	112	SET	Ruta das Covas de Valporquero	BIERZO	LEON
143	113	OUT	Ascensión ós Tres Vispos	OS ANCARES	LUGO
144	114	NOV	Vilamor - Froxán - Vilamor	O CAUREL	LUGO
145	115	DEC	Camiño Primitivo, Fonte Piñeiral-Paradavella II encontro APC	A FONSAGRADA	LUGO

2016: RUTA XACOBEA CAMIÑO NORTE (RIBADEO – SANTIAGO)

Foi o ano no que o Camiño Norte Xacobeo, foi declarado Patrimonio da humanidade, e por tal motivo quixemos rendir-lle unha homenaxe percorréndoo enteiro dende Ribadeo ata Santiago, á semellanza do acontecido co Camiño Francés, e como aconteceu na experiencia anterior (2010), o éxito de participación foi considerable superando os 60 asistentes de media en cada etapa. Retomamos a participación na Costa Naviegra, e seguimos coa actividade medioambiental de Alcoa e cos encontros cos amigos de Lourenzán e Castroverde, entre outras actividades destacadas neste ano. Tamén lembramos con nostalxia a fermosa convivencia da finde disfrutada en Allariz.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
146	116	XAN	Cam. Norte. Etapa 1 Ribadeo-Vilamartín	A MARIÑA	LUGO
147	117	FEB	Cam. Norte. Etapa 2 Vilamartín - Arroxo	A MARIÑA	LUGO
148	118	MAR	Cam. Norte. Etapa 3 Arroxo - Lousada	A MARIÑA	LUGO
149	119	ABR	Cam. Norte. Etapa 4 Lousada - Martiñán	TERRA CHÁ	LUGO
150	120	MAI	Cam. Norte. Etapa 5 Martiñán - Vilalba	TERRA CHÁ	LUGO
151	121	MAI	Ruta do Arnoia	A LIMIA	OURENSE
152	122	XUÑ	Fuciño do Porco	ALCOA	LUGO
153	123	XUÑ	Morás - Faro de Punta Roncadoira	ALCOA	LUGO
154	124	XUÑ	Cam. Norte. Etapa 6 Vilalba - Baamonde	TERRA CHÁ	LUGO
155		XUÑ	XXIX Travesía Costa Naviegra	Costa Naviegra	OCCIDENTE AST
156		XUÑ	Subida ó M. Castelo dende Praza Mariña (8)	IX Día do socio	A MARIÑA
157	125	XUL	Cam. Norte. Etapa 7 Baamonde - Miraz	TERRA CHÁ	LUGO
158		XUL	VIII Ruta nocturna Burela-San Cibrao	VIII Nocturna	A MARIÑA
159		AGO	Espiñeira - A Cazolga (2)	III encontro TL	A MARIÑA
160	126	AGO	Cam. Norte. Etapa 8 Miraz - a Roxica	TERRA CHÁ	LUGO
161	127	SET	Cam. Norte Etapa 9 A Roxica-Sobrado Monxes	A ULLOA	LUGO
162	128	OUT	Cam. Norte. Etapa 10 Sobrado Monxes -Arzúa	A ULLOA	LUGO
163		NOV	Cam. Norte. Etapa 11 Arzúa-Pedrouzo(2)	SANTIAGO	A CORUÑA
164	129	DEC	Ruta das fervezas do Queixoiro	III encontro APC	A FONSAGRADA
165		DEC	Cam. Norte. Etapa 12 Pedrouzo-Santiago (2)	SANTIAGO	A CORUÑA

2017: CAMIÑO NATURAL DO CANTÁBRICO NA PROVINCIA DE LUGO (RIBADEO - O VICEDO)

Dado o éxito que supuxo a realización do Camiño Norte por etapas o ano pasado, e o crecente interés amosado polos socios por completar un GR, este ano propuxemos o treito lugués do Camiño natural do Cantábrico en 10 cómodas e sinxelas etapas, recentemente completadas e sinalizadas. 2017 tamén supuxo a internacionalización da Asociación, pois por vez primeira cruzamos a fronteira de Portela do Homen, para realizar unha visita institucional ó fermoso PN do Xerés, o único existente no país veciño. Tamén comezamos un percorrido de rutas por cantís de vertice, coa participación no coñecido e mediático “Caminito do Rei”, cunha gran resposta de asistencia, a pesar da distancia e do tempo da viaxe en autobús ata o destino escollido.

NT	NR	DATA	ROTEIRO	COMARCA	PROVINCIA
166	130	XAN	C.N. Cantábrico Et.1 Castropol - Praia Arnao	OCCIDENTE AST	ASTURIAS
167	131	FEB	C.N. Cantábrico Et.2 Ribadeo - Rinlo	A MARIÑA	LUGO
168	132	MAR	C.N. Cantábrico Et.3 Rinlo - Barreiros	A MARIÑA	LUGO
169	133	ABR	C.N. Cantábrico Et.4 Praia de Llás - Barreiros	A MARIÑA	LUGO
170	134	ABR	Roteiro por Burela	Semana deporte	A MARIÑA
171	135	ABR	Senda del Caminito del Rey	MALAGA	ANDALUCÍA
172	136	MAI	C.N. Cantábrico Et.5 Praia de Llás - Burela	A MARIÑA	LUGO
173	137	XUÑ	C.N. Cantábrico Et.6 Burela - Praia de Lago	A MARIÑA	LUGO
174		XUÑ	Subida ó Monte Castelo da Praza Mariña (9)	X Día do socio	A MARIÑA
175	138	XUL	C.N. Cantábrico Et.7 Praia Lago-Praia Esteiro	A MARIÑA	LUGO
176		XUL	IX Marcha nocturna á San Cibrao	IX Nocturna	A MARIÑA
177		AGO	Ruta da Cazolga-Estación Forestal-A Cazolga	IV encontro TL	A MARIÑA
178	139	AGO	C.N. Cantábrico Et.8 Praia Esteiro-Praia Covas	A MARIÑA	LUGO
179	140	SET	C.N. Cantábrico Et.9 Covas-Praia S. Román	A MARIÑA	LUGO
180	141	OUT	Travesía Vía Nova Romana	PN GERÉS	PORTUGAL
181	142	OUT	Subida ó Monte Castelo (Viveiro)	ALCOA	LUGO
182		NOV	C.N. Cantábrico Et.10 Pra. S. Román-Vicedo (2)	A MARIÑA	LUGO
183	143	DEC	Travesía Fonsagrada - Candaído	IV encontro APC	A FONSAGRADA

2018: ROTEIROS MÁIS FERMOLOS REALIZADOS 2004-2017 ESCOLLIDOS POLOS SOCIOS

Ó longo do ano pasado a directiva realizou unha enquisa dixital entre os seus asociados, para que estes elixiran os roteiros máis fermosos realizados polo grupo nos 13 anos trascorridos. Os 10 máis votados foron incluídos no programa anual, completado cos encontros e actividades fixas que se repiten anualmete, e a visita ós pasadizos do Paiva (Arouca-Portugal), continuadora do proxecto de roteiros “vertixinosos” iniciado ó ano anterior. Outro feito para a historia foi a inauguración en novembro do roteiro circular de Burela, grazas a financiación da Concellalía de deportes, un lonxano obxectivo do grupo, un percorrido de 12 kms polos límites do concello, para poñer en valor o seu patrimonio natural, e como reclamo e visita de asociacións semellantes.

NT	NR	DATA	ROTEIRO		COMARCA	PROVINCIA
184		XAN	Roteiro da Ventureira (PN Fragas do Eume)(2)		FERROLTERRA	A CORUÑA
185		FEB	Desfiladeiro das Xanas (3)		PROAZA-TEVER	ASTURIAS
186		MAR	Senda del oso (3)		SOMIEDO	ASTURIAS
187		ABR	Mosteiro de Carboeiro-Fervenza do Toxa (2)		DEZA	PONTEVEDRA
188		MAI	Ruta do Cares (2)		PICOS EUROPA	ASTURIAS
189		XUÑ	XXXI Travesía Costa Naviega (5)	Costa Naviega	OCCIDENTE AST	ASTURIAS
190		XUÑ	Subida ó Monte Castelo da Pr. Mariña (10)	XI Día do socio	A MARIÑA	LUGO
191		XUL	X Marcha nocturna San Cibrao - Burela (10)	X Nocturna	A MARIÑA	LUGO
192	144	AGO	Pazo de Tovar - A Cazolga	V encontro TL	A MARIÑA	LUGO
193		AGO	Ruta da Fraga das Reigadas (2)		A MARIÑA	LUGO
194		SET	Ruta das Médulas (2)		BIERZO	LEON
195		OUT	Desfiladeiro do Alba (3)		PN REDES	ASTURIAS
196	145	OUT	Pasadizos do Paiva		DOURO	PORTUGAL
197		NOV	Ruta da Devesa da Rogueira (2)	PR-G222	O CAUREL	LUGO
198	146	NOV	Ruta circular de Burela (Inauguración oficial)		A MARIÑA	LUGO
199	147	DEC	Travesía A Lastra - Paradavella	V encontro PC	A FONSAGRADA	LUGO

2019


A viaxe á Cataluña e Aragón para percorrer os imponentes precipicios dos canóns de Mont Falco e Mont Rebei de pareis, e as fervenzas espectaculares do Mosteiro de Pedra (Zaragoza), xunto con outras visitas de interese, foi a estrela do programa de roteiros deste ano, no que chegamos ós 15 de existencia. Unha interesante e coidada selección de sendeiros por espazos próximos da nosa comunidade e do Principado, xunto coa participación nos encontros xa consolidados, e as actividades fixas e puntuais completaron o calendario anual. Felizmente pechamos o ano co anuncio da renovación e continuidade do equipo directivo do grupo encabezado polo presidente José Antonio Armesto, logo de dúas fallidas Asambleas, e a incerteza dunha posible disolución. Con eles o futuro está garantido.

NT	NR	DATA	ROTEIRO		COMARCA	PROVINCIA
200	148	XAN	Pena Abaladoira-Fervenza Escouridal		A MARIÑA	LUGO
201		FEB	Ruta da Seimeira (2)		OSCOS-EO	ASTURIAS
202	149	MAR	Pasarelas de Mont Rebei - Mont Falcó		GIRONA	CATALUÑA
203	150	MAR	Roteiro polo Mosteiro de Pedra		ZARAGOZA	ARAGÓN
204	151	ABR	Sendeiro do Cervigón		GIJÓN	ASTURIAS
205	152	MAI	Praia de Pantín - Faro de A Frouxeira		ORTEGAL	A CORUÑA
206		XUÑ	XXXII Travesía Costa Naviega (6)	Costa Naviega	OCCIDENTE AST	ASTURIAS
207		XUÑ	XII Día do Socio Circular de Burela (2)	XII Día do socio	A MARIÑA	LUGO
208		XUL	XI Ruta nocturna Burela-San Cibrao (11)	Nocturna	A MARIÑA	LUGO
209	153	AGO	Travesía a Fervenza de Viloalle - A Cazolga	VI encontro TL	A MARIÑA	LUGO
210	154	AGO	Ruta O Barqueiro - Porto de Bares		ORTEGAL	A CORUÑA
211	155	SET	Pasarelas do río Mao		RIBEIRA SACRA	OURENSE
212		OUT	Ruta do Forcón dos Ríos (2)		OSCOS-EO	ASTURIAS
213	156	NOV	Camiño Primitivo, O Cádavo – Castroverde	VI encontro PC	A FONSAGRADA	LUGO
214	157	DEC	Camiño Primitivo, A Fontaneira - O Cádavo		A FONSAGRADA	LUGO

OBSERVACIÓNS :

NR Número total de rutas realizadas 2004-2019

NR Número de rutas distintas realizadas


 Roteiros realizados en máis dunha ocasión

 Roteiros realizados en máis dunha ocasión



  Roteiros compartidas con outros grupos de sendeirismo

2004-2019: VALORACIÓNS E CONCLUSIÓNS

1. ROTEIROS REALIZADOS: Foron un total de **214** roteiros realizados polo grupo nestos primeiros 15 anos de vida, 14 roteiros por ano, por enriba dun roteiro cada mes. Dos 214, **157** foron roteiros diferentes. Houbo un total de **24** roteiros que se realizaron en máis dunha ocasión. Soamente **25** das 214 rutas percorridas non foron organizadas pola Asociación: 7 (Peña Furada), 6 (Os Sendeiros), 6 (Terras de Lourenzá), 6 (A.A.P Castroverde), e 2 (Concello de Lugo), nas xuntanzas anuais compartidas con estas asociacións. O ano de maior actividade foi no 2016 (**20 rutas**), seguido de 2017 con 18 roteiros realizados. Polo contario, o de menor oferta foi o primeiro (2004), por comezar o calendario en outubro, con **3 roteiros**, un por cada mes logo da constitución do grupo en setembro. Compre salientar que en ningún ano baixamos dos 10 roteiros.




2. DESTINO DOS ROTEIROS: Do total dos roteiros realizados, a provincia de **Lugo** acapara máis da metade (58.4 %), mentras que **Asturias** (22.3%), foi o destino de cáseque un de cada catro dos sendeiros percorridos.



Por provincias, **Coruña** foi o destino seleccionada nunha de cada 10 rutas percorridas (20). Pontevedra con 5, e Ourense con 3 roteiros foron as seguintes máis visitadas.

Preto de 3 de cada 4 rutas foron realizadas na nosa comunidade. Tamén visitamos Asturias Castela León, Andalucía, Cataluña, Aragón e por dúas veces Portugal.

3. ROTEIROS MÁIS VECES REPETIDOS : Do total de 214 roteiros realizados, **25** repetímolos nalgunha ocasión.



Dos sendeiros repetidos, os máis veces percorridos foron os dous habituais dende fai anos no programa anual do grupo: a subida ó Monte Castelo (non sempre repetindo itinerario), e a ruta nocturna ata S. Cibrao (non sempre no mesmo sentido), foron 9 veces percorridas. A travesía pola Costa Naviega transitámola ata 7 veces, e o sendeiro á carón do Río Ouro que propoñen "Os Sendeiros" de Foz no seu encontro anual, foi realizada polo grupo en 4 ocasións. Percorremos ata 3 veces tres dos máis fermosos e mediáticos PR da xeografía astur: a Senda do Oso, o desfiladeiro das Xanas e a espectacular Ruta do río Alba no PN de Redes. Ata outras 11 rutas foron dobremente percorridas nestos primeiros 15 anos.